

Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 30 de outubro de 2020

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 30/10/2020
- II. Asistentes á CGIC do 30/10/2020
- III. Novos procedementos de calidade:
 - a. DO0301 Información pública e rendemento de contas
 - b. MC05 Medición da satisfacción dos grupos de interese
- IV. Rexistro R1-IA01 Necesidades de recursos e servizos
- V. Rexistro R1-DE02 P1 Panel de indicadores e Fichas dos indicadores solicitados
- VI. Anexo 4 do Manual de Calidade: Política e obxectivos de calidade do centro
- VII. Rexistro R3-DO0201 P1 Informes de Coordinación das titulacións do centro
- VIII. Rexistro R4-DO0201 P1 Procedemento para o seguimento e control da docencia
- IX. Rexistro R2-DO0203 P1 Informe final de avaliación do PAT

Ábrese a sesión ás 12 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 23 de xullo de 2020 e extraordinaria celebrada o 30 de xullo de 2020.**

Enviáronse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbanse por asentimento as catro actas, e serán publicadas na sección INICIO / CALIDADE / COMISION DE CALIDADE da web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

2. Informe do Coordinador.

O Coordinador comenta as principais incidencias relativas á Calidade dende a anterior sesión da CGIC:

- ✓ **3 agosto 2020:** A xefa da Área de Estudos de Grao comunica que nesa data quedaron recepcionadas todas as actas da segunda edición (convocatoria de xullo).
- ✓ **4 agosto 2020:** Resolución Reitoral relativa á aplicación da cláusula aprobada no CG do 29 de abril, para subir a cualificacións de certas materias no segundo cuadrimestre do curso académico 2019-2020. Das materias do centro afectadas, finalmente só se aplicou a Mecánica de fluídos (nas dúas titulacións e cun axuste de 2.1).
- ✓ **15 setembro 2020:** A Área de Calidade informa da aprobación na Comisión de Calidade da Universidade dos novos procedementos:
 - DO0301 Información Pública e Rendemento de Contas
 - MC05 Satisfacción de Usuarías e Usuarios
 - DO0203 Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo e o Documento guía para a elaboración do PAT-ANEAE e da necesidade da súa aprobación na Comisión de Calidade e na Xunta de centro.
- ✓ **22 setembro 2020:** A Área de Calidade informa da tramitación á ACSUG da solicitude de renovación da Certificación da Implantación do SGIC da EEME, aprobada na sesión extraordinaria da Comisión de Calidade do 30/07/2020, tras a resolución das dúbidas técnicas que quedaran pendentes de revisión.
- ✓ **1 outubro 2020:** A Unidade de Análises e Programas informa da publicación de varios indicadores no Portal de Transparencia entre os que se atopan varios indicadores de calidade referentes ao PAS.
- ✓ **6 outubro 2020:** Dende a Área de Calidade lembra ao centro a solicitude de información relativa ao profesorado adscrito ao centro para o avaliación no programa DOCENTIA 2018-2019 e informa da ampliación do prazo ata o 20 de outubro.
- ✓ **6 outubro 2020:** Asistencia do Coordinador de Calidade á reunión convocada polo Director da Área de Calidade para presentar a Axenda Básica de calidade 2020/21 aos coordinadores de calidade dos centros e explicar o novo enfoque dos procedementos que se renovan este curso.
- ✓ **21 outubro 2020:** A Área de Calidade achega un *Cronograma* que recolle as previsións de prazos e datas dos diferentes programas de calidade da ACSUG. Concretamente, a visita ao centro para a renovación da Certificación de Implantación do SGIC está prevista para antes de Nadal e será virtual.
- ✓ **26 outubro 2020:** A Área de Calidade achega o novo Mapa de procesos e a listaxe actualizada de procedementos en vigor para a actualización dos correspondentes anexos do Manual de Calidade do centro e pide a súa actualización en canto se aproben os novos procesos no centro.

3. Aprobación, se procede, dos novos procedementos de calidade *DO0301 Información pública e rendemento de contas* e *MC05 Medición da satisfacción dos grupos de interese*

A Presidenta indica que o novo procedemento de calidade *DO0301 Información pública e rendemento de contas* foi elaborado pola Área de Calidade o 31 abril de 2020 e validado pola Comisión de Calidade da UVIGO e o novo procedemento de calidade *MC05 Medición da satisfacción dos grupos de interese* foi elaborado pola Área de Calidade o 30 de marzo de 2020 e validado pola Comisión de Calidade da UVIGO.

Os documentos marco dos novos procedementos foron modificados pola Dirección para corrixir erratas e adaptalos ao centro. Ambos documentos enviáronse previamente aos membros da comisión para a súa revisión. A Directora comenta a estrutura e contido de ambos procedementos.

A Comisión aproba os novos procedementos por asentimento.

O Coordinador de Calidade sinala que ambos procedementos serán publicados na web do centro unha vez sexan aprobados na Xunta de Escola e que, como consecuencia destes cambios, se actualizarán os nomes e índices dos procedementos nos anexos do Manual de Calidade: *Anexo 1. Listaxe de procedementos en vigor* e *Anexo 6. Mapa de procesos*.

4. Aprobación, se procede, do rexistro R1-IA01 Necesidades de recursos e servizos do procedemento IA01 Xestión de recursos materiais e servizos.

A Presidenta comenta que este rexistro se elabora en colaboración coa administradora de centro e é relativo á distribución de créditos do orzamento do ano 2020. Indica que aprazouse a súa aprobación ata agora polas circunstancias excepcionais deste ano, que fixeron maiorar e minorar algunhas das partidas previstas inicialmente no orzamento do 2020.

Apróbase por asentimento o rexistro.

5. Aprobación, se procede, do rexistro R1-DE02 P1 Panel de indicadores do procedemento DE02 Seguimento e Medición.

A Presidenta comenta a relación entre este punto da orde de día e o seguinte, dado que, froito da revisión dos obxectivos e política de calidade do centro xurdiu a necesidade de definir dous indicadores máis, específicos do centro, polo que habería que actualizar o Panel de indicadores.

Comenta a motivación dos dous indicadores propostos e amosa as fichas coas súas definicións:

- *Porcentaxe de mulleres matriculadas en novo ingreso* só requiriría a desagregación por sexos dun indicador xa dispoñible no Portal de Transparencia (I04-AC).
- *Valoración da materia TGF e TFM* requiriría a introdución dalgunha pregunta nas enquisas de satisfacción ás persoas egresadas ou a elaboración dunha enquisa propia (no marco do procedemento MC-05).

A Presidenta preguntalle a Raquel Gandón, representante da Área de Calidade, cal é o procedemento de solicitude e implantación dos indicadores. Raquel explica que, se os medios de obtención dos datos do indicador son propios do centro, debe indicarse na ficha de solicitude. Para o segundo indicador propón incluír na enquisa institucional 2 ou 3 preguntas sobre a materia TFG/TFM e sinala que iso sería case que inmediato. Outras opcións serían facer unha enquisa independente, de xeito institucional, ou facer unha enquisa propia do centro. A Presidenta aclara que o que se pretende é obter unha valoración relativa á organización e desenvolvemento da materia TFG/TFM e propón aprobar a solicitude da implantación destes indicadores, delegando na dirección o axuste dos detalles das fichas traballando de forma coordinada co Área de Calidade, e a súa posterior inclusión no rexistro *R1-DE02 P1 Panel de indicadores* (sección de indicadores de nivel 3, específicos do centro).

A Comisión aproba por asentimento a proposta.

6. **Aprobación, se procede, do Anexo 4. Política e obxectivos de calidade do centro do Manual de Calidade.**

A Presidenta comenta que o Anexo 4 do Manual de Calidade recolle a Política e obxectivos de calidade do centro. A idea é revisalo a partir dos últimos IRPD, actualizar metas e indicadores e propoñer novas para o curso 2021/2022, de xeito que para o curso 2020/2021 manteríanse en vigor as actuais. A continuación comenta, para cada obxectivo, os resultados acadados nos últimos cursos, as metas actuais e as metas propostas.

Sinala a proposta da inclusión dun novo obxectivo en coherencia co compromiso do centro na construción de valores igualitarios e que se refire ao porcentaxe de mulleres de novo ingreso nas titulacións do centro. Indica tamén a conveniencia de incluír un novo indicador, relativo á valoración da organización e desenvolvemento das materias TFG e TFM das cales non hai a data actual ningún tipo de *feedback* por parte do alumnado.

A Comisión aproba por asentimento a Política e obxectivos de calidade do centro, Anexo 4 do Manual de Calidade.

7. Aprobación, se procede, dos rexistros do procedemento DO0201 Planificación e desenvolvemento das ensinanzas:

- **R3-DO0201 P1 Informes de Coordinación das titulacións do centro**
- **R4-DO0201 P1 Procedemento para o seguimento e control da docencia.**

A Presidenta indica que os informes de coordinación se enviaron previamente e comenta a súa estrutura e contidos. Cede a palabra aos coordinadores das tres titulacións que comentan os principais aspectos dos informes e sinalan a singularidade deste curso como consecuencia da COVID-19: organización a consecuencia do paso á docencia non presencial, modificacións das guías docentes, etc.

Apróbanse por asentimento os informes de coordinación das tres titulacións.

A Presidenta sinala que segue vixente o actual procedemento de seguimento e control da docencia e que non se propoñen cambios; aprovéitase o rexistro para recoller as eventuais incidencias detectadas no control da docencia durante o curso 2019/2020. A Presidenta cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, quen sinala que non se incluíu ningunha incidencia no documento. No primeiro cuadrimestre utilizouse *Google Docs* para o control da docencia e non houbo incidencias destacables; no segundo cuadrimestre non poido levarse a cabo empregando o formulario *Google Docs* pola situación derivada do estado de alarma, pero non se identificaron problemas relativos ao control de docencia. Tampouco se rexistraron incidencias no cumprimento dos prazos de entrega de actas.

Apróbase por asentimento o rexistro.

8. Aprobación, se procede, do rexistro *R2-DO0203 P1 Informe final de avaliación do PAT* do procedemento DO0203 Orientación ao estudantado

O coordinador de calidade sinala que, aínda que se pensaba acometer a actualización do *Plan de Acción Titorial* do centro (rexistro *R1-DO0203 P1*), a recomendación da Área de Calidade é manter provisionalmente o PAT vixente e aprazar a súa modificación cara ao seguinte curso, unha vez que o novo procedemento *DO0203 Orientación ao estudantado* sexa aprobado no centro. O devandito procedemento xa está elaborado, inclúe un Modelo guía para o deseño do PAT-ANEAE e se atopa unicamente pendente dunha revisión relativa a protección de datos.

A Presidenta comenta os principais aspectos recollidos no informe do PAT, mencionando as dúbidas xurdidas sobre a súa utilidade nalgúns cursos ou titulacións.

Ábrese unha quenda de intervencións. Teresa Rivas traslada a súa percepción de que o PAT actual non semella moi útil na titulación do máter e habería que enfocalo dunha maneira

diferente. Raquel Gandón comenta que a idea plantexada no novo procedemento é que se deseñe un documento único co PAT do centro que pode recoller un plan específico para o máster, cun paquete de accións específicas de orientación académica/profesional concretas e diferentes das dos graos; ademais lembra a inclusión do PIUNE no PAT.

Apróbanse por asentimento o Informe final de avaliación do PAT do curso 2019-2020.

9. Rogos e Preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 20 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a trinta de outubro de dous mil vinte.

Vº e Prace

A Presidenta

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 30/10/2020

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión de Calidade

Por orde da súa Presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 30 de outubro de 2020, ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda. A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e trataranse os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 23 de xullo de 2020 e extraordinaria celebrada o 30 de xullo de 2020.
2. Informe do Coordinador.
3. Aprobación, se procede, dos novos procedementos de calidade *DO0301 Información pública e rendemento de contas* e *MC05 Medición da satisfacción dos grupos de interese*.
4. Aprobación, se procede, do rexistro *R1-IA01 Necesidades de recursos e servizos* do procedemento IA01 Xestión de recursos materiais e servizos.
5. Aprobación, se procede, do rexistro *R1-DE02 P1 Panel de indicadores* do procedemento DE02 Seguimento e Medición.
6. Aprobación, se procede, do *Anexo 4. Política e obxectivos de calidade do centro* do Manual de Calidade.
7. Aprobación, se procede, dos rexistros do procedemento DO0201 Planificación e desenvolvemento das ensinanzas:
 - R3-DO0201 P1 Informes de Coordinación das titulacións do centro
 - R4-DO0201 P1 Procedemento para o seguimento e control da docencia.
8. Aprobación, se procede, do rexistro *R2-DO0203 P1 Informe final de avaliación do PAT* do procedemento DO0203 Orientación ao estudiantado.
9. Rogos e Preguntas.

Vigo, 23 de outubro de 2020

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba

(* **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudiantado coa **contrasinal 1DL6QsL (ele-De-Ele-De-6-Qu-ese-Ele)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EE MINAS E ENERXÍA





ANEXO II

Asistentes á CGIC do 30/10/2020



Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 30 de outubro de 2020	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Carmen Filgueira Sánchez	Representante do Alumnado
Raquel Gandón Chapela	Representante da UTC
David Patiño Vilas	Coordinador Grao EE
Teresa Rivas Brea	Enlace Igualdade
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM
Escusan a súa asistencia	
Luisa Álvarez Zaragoza	Repres. do Estudantado Egresado
Diego López González	Representante da Sociedade
M ^a Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro



ANEXO III

Novos procedementos de calidade:

- a. DO0301 Información pública e rendemento de contas
- b. MC05 Medición da satisfacción dos grupos de interese



ANEXO IV

Rexistro R1-IA01 Necesidades de recursos e servizos



ANEXO V

Rexistro R1-DE02 P1 Panel de indicadores e Fichas dos indicadores solicitados



ANEXO VI

Anexo 4 do Manual de Calidade: Política e obxectivos de calidade do centro



ANEXO VII

Rexistro R3-DO0201 P1 Informes de Coordinación das titulacións do centro:

- a. Informe de Coordinación do GEE
- b. Informe de Coordinación do GERME
- c. Informe de Coordinación do MUEM



ANEXO VIII

Rexistro R4-DO0201 P1 Procedemento para o seguimento e control da
docencia



ANEXO IX

Rexistro R2-DO0203 P1 Informe final de avaliación do PAT